



MEMORIA 2019




**Usuari@s e traballador@s de APACAF no
Parlamento de Galicia**



APACAF

**Asociación de Pais de Persoas
con Trastorno do Espectro Autista de Centros de Apoio Familiar**



SEDE SOCIAL

APACAF

Rúa Placer, 5-3ºB
36202 VIGO
☎ 986226647

CENTRO

A Braña

Lg./ Pereiro, 18. Berres
A Estrada 36688
Desde 1988
☎ 986 587475

CENTRO

A Penagrande

Lg./ Penagrande, 1. A Laxe-
Moraña 36660
Desde 2009
☎ 986 686749

ACREDITACIÓN E CERTIFICACIÓN:



Certificación de calidade
ISO 9001:2015



Acreditación de Transparencia
e Boas Prácticas



Certificación produción
horta ecolóxica

PREMIOS:



Premio Territorios
Solidarios do BBVA



Premio ao desenvolvemento
rural do AGADER

DECLARADA DE UTILIDADE PÚBLICA NO DOG Nº 93 DO 13/05/2011 CO Nº DE REXISTRO 2004/6990-1



SUMARIO

	QUEN SOMOS
4	Alianzas
5	Carta da presidenta
6	Historia, Misión, Visión, Valores
7	Cómo nos organizamos.
	OS NOSOS SERVIZOS
8	Residencia
9	Centro de día
10/11	Respiro
12/13	Soños=realidades
14/15	Actividades
16/17	Vacacións
	O EQUIPO PROFESIONAL
18	Formación de formadores-- Programa de prácticas
19	Eventos- Voluntariado
	A XESTIÓN ECONÓMICA
20/21	Balance de ingresos e gastos
22	COMUNICACIÓN
	COLABORADORES
23	Fundación Tutelar FUNDITEA
24	Os nosos patrocinadores



ALIANZAS

Socio desde 1994



Socio fundador desde 1995




Convenio con FUNDITEA



Fundacion Tutelar para a Promoción de Persoas con Discapacidade particularmente Trastorno do Espectro Autista



Coral Polifónica de Berres e o CEIP de O Foxo
Promotores dun concerto benéfico a prol de APACAF



Convenio con Centro Médico de A Estrada
Convenio con Universidade de Vigo
Convenio con Universidade de Santiago
Convenio con Concello de A Estrada

Carta da presidenta de APACAF

A presidenta de APACAF asinando no libro de honra do CEIP de O Foxo, da Estrada, no concerto benéfico do Día da Paz



...esto non é unha despedida

Estimad@s amig@s:

É importante saber cando hai que parar e delegar noutras persoas que sabes que o farán mellor ca ti.

Este é o momento no que estamos en APACAF.

Despois de 30 anos formándose un equipo de traballadores con experiencia, implicación e valía persoal, chegou o momento no que me poida retirar para poder dedicarme a outras tarefas.

Asumindo a miña responsabilidade de directora xerente que-

da María José García Márquez quen leva 12 anos amosando valía e dedicación e á que todos coñecedes e apreciades sobradamente.

E non queda soa, á súa beira estarán apoiando coma sempre o equipo técnico multidisciplinar que leva dirixindo os diferentes servizos de APACAF desde os seus primeiros comezos.

Eu seguirei como voluntaria asumindo o papel de PRESIDENTA coa ilusión e cariño de sempre mentres me sigades votando e a miña saúde mo permita.

Tamén quero agradecer a oportunidade de poder dedicar

os meus últimos 40 anos de vida á defensa dos dereitos das persoas con autismo e das súas familias colaborando en todos os niveis prácticos e teóricos; unha experiencia chea de significado e de coñecemento que sei que se transmitirá coa mesma paixón e intensidade a todas as persoas que continuarán nesta tan gratificante labor.

Ate sempre e coma sempre contades coa miña gratitude e afecto.

Unha forte aperta,

María José Ferradáns Villar



HISTORIA, VISIÓN E MISIÓN

FITOS HISTÓRICOS

Ano 1988, ábrese o Centro “**A Braña**” froito do esforzo dun grupo de familias para atender as necesidades especiais de persoas con Trastorno do Espectro Autista.

Ano 1993, decídese en asemblea xeral constituír unha asociación que asuma a xestión do centro, creándose así **APACAF**, a entidade que agora asume a súa titularidade.

Ano 2005, creouse o primeiro servizo de **residencia de 365 días** ó ano, formando un fogar de residentes estable de 4 persoas con TEA que se ampliou no ano 2006 a 8 prazas. APACAF amplía os seus servizos a área de emprego con apoio, Plan Centrado na Persoa, mellora da calidade de vida...

Ano 2007, Creación da **Fundación Tutelar FUNDITEA**, para seguir prestando apoios cando a familia falte.

Ano 2008, ábrese as portas dun novo centro en A Penagrande, Moraña, polo que APACAF recibe un premio AGADER ás iniciativas de desenvolvemento rural. APACAF acada a certificación de calidade **ISO 9001:2008**.

Ano 2011, APACAF acada a certificación de COMPROMISO COA **EXCELENCIA EUROPEA**, EFQM e obtén a declaración de Utilidade Pública

Ano 2013, APACAF celebra os **25 anos** de apertura do centro A Braña

Ano 2014, APACAF recibe o **premio TERRITORIOS SOLIDARIOS** outorgado polos traballadores do Banco BBVA

Ano 2017 acreditación de **transparencia** e boas prácticas a través da Fundación Lealtad

Ano 2018 elébórase un Plano de **Igualdade** entre Homes e mulleres

Ano 2019 amplíase o servizo de residencia 365 días a **10 prazas**

VISIÓN

Ofrecer servizos de innovación e excelencia para as persoas con autismo e as súas familias


MISIÓN

Mellorar a calidade de vida das persoas con autismo a partir dun enfoque centrado no individuo, as súas necesidades, a súa historia e a súa comunidade. Traballamos para ofrecer os apoios e o entorno necesario para que isto poida ser unha realidade.



CÓMO NOS ORGANIZAMOS organigrama

ORGANIGRAMA DE APACAF





SERVIZO de RESIDENCIA

Un lugar para vivir



Centro A Braña

Parroquia de Berres

A Estrada, Pontevedra

A BRAÑA

10 persoas adultas con diversidade funcional conviven no centro **A Braña** en réxime de residencia os 365 días do ano.

É un lugar para vivir no medio rural onde se priman:

- a autonomía persoal
- a atención individual (Plan Centrado na Persoa)
- a inclusión social
- a inserción laboral
- a saúde e o benestar emocional



COFINANCIADO POR:

Xunta de Galicia . Consellería de Política Social

Xunta de Galicia . Consellería de Economía. Programas de Cooperación

Xunta de Galicia: Consellería de Sanidade. Programa sociosanitario



SERVIZO de CENTRO DE DÍA

Un lugar para aprender

Centro A Penagrande

A Laxe

Moraña, Pontevedra



A PENAGRANDE

5 persoas adultas con diversidade funcional acoden ao centro **A Penagrande**, en réxime de centro de día de luns a venres en horario de 10:00 a 18:00.

É un lugar para aprender onde se realizan

- Talleres de desenvolvemento persoal
- Actividades de inclusión social
- Actividades ao aire libre
- Actividades lúdicas

COFINANCIADO POR:

Fundación FUNDITEA

Deputación de Pontevedra

Xunta de Galicia Consellería de Economía. P. Cooperación





SERVIZO DE RESPIRO

OCIO E TEMPO LIBRE

20 usuarios provenientes de diferentes concellos da xeografía galega acoden ao centro **A Braña** de xeito rotatorio todas as fins de semana, de venres a domingo, e nun campamento no verán para pasar un tempo de lecer e convivencia.

Actividades do servizo de ocio e tempo libre:

- actividades terapéuticas: musicoterapia, aula multisensorial, relaxación
- actividades na natureza: sendeirismo, deportes adaptados, coidado da horta ecolóxica
- actividades sociais: celebración de festas, saídas a cafetería, excursións

COFINANCIADO POR:

Xunta de Galicia. Consellería de Política Social

Xunta de Galicia. Consellería de Política Social—IRPF: Programa de respiro familiar



Nos campamento de verán no ano 2019 visitamos a Lagoa de Pedras Miúdas e o Mirador dos Muíños en Catoira e a ruta do Castro de Doade en Lalín




SERVIZO DE RESPIRO

OCIO E TEMPO LIBRE

EN IMAXES



Saidas a cafetería, sen-
deirismo, coidado da
horta ecolóxica, xogos
adaptados.....
disfrutando do tempo
libre en Berres



soños = realidades

Arte como expresión e disfrute


Os usuarios de APACAF puideron desenvolver a súa faceta artística unha vez máis cun taller de expresión artística.

Larissa, unha voluntaria estudante de Ciencias Políticas da Universidade de SciencesPo de Francia, desenvolveu en APACAF un proxecto de expresión artística no que os protagonistas foron os usuarios do centro A Braña, na Estrada e do centro A Penagrande, en Moraña.

Realizáronse actividades variadas como collages con recortes de revistas, pinturas acrílicas, figuras de barro, e incluso un mural con tiza no chan onde os rapaces puideron dar renda solta á súa imaxinación.

O obxectivo do taller era a expresión artística e emocional a través da arte, desenvolvendo tamén as súas habilidades comunicativas e sociais.

Gracias, Larissa!!





soños = realidades

Maior autonomía nun entorno natural

APACAF promove a autonomía persoal e o maior nivel de vida independente das persoas con discapacidade a través da participación activa en todas as actividades da vida diaria e de talleres prelaborais, sempre tendo en conta os gustos, características e expectativas de cada un.

E todo nun entorno natural en permanente contacto coa natureza, que axuda a mellorar o benestar físico e emocional.





ACTIVIDADES



ECA

Programa de Empleo con Apoio (ECA)

Temos en funcionamento o Programa de Empleo con Apoio. A Asociación de Comerciantes da Estrada (ACOE) contrata todos os anos a Candela para a campaña de Nadal. Na foto Candela facendo labores de marketing para a ACOE na Estrada.

HORTA ECOLÓXICA

O centro A Braña APACAF conta cunha explotación de agricultura ecolóxica con coidado de animais de curral con certificado do CRAEGA (Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia) na que os usuarios desenvolven habilidades pre-laborais. Os produtos que se producen (leitugas, tomates, cebollas, cabazas....) son para o autoconsumo.



**Subvencionado por
DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**

SAÚDE E BENESTAR


O benestar físico e emocional é un dos obxectivos a conseguir. Alimentación sana, exercicio adaptado, sesións de relaxación, contacto coa natureza, son actividades habituais no día a día dos nosos centros.

Este ano tamén fixemos algunha visita á praia.



FORMACIÓN CONTINUA

- Logopedia
- Psicomotricidade
- Aula TEACCH
- Informática
- Expresión artística





ACTIVIDADES

INCLUSIÓN SOCIAL

O programa de inclusión social desenvólvese durante todo o ano con actividades como saídas á cafetería, ir a mercar ou a pasear. E a participación en celebracións e actos sociais.

No ano 2019 organizamos e participamos en varias celebracións:

Día Mundial do Autismo na Estrada:



Día Mundial do Autismo en Moraña:



Visita ao Parlamento de Galicia:



Celebración do Día da Paz no CEIP do Foxo



Acto pola Inclusión da Deputación de Pontevedra:



Día da Discapacidade en Santiago de Compostela:





VACACIONS

Viaxe a Sanxenxo

Datas: 6 ao 10 de maio

Lugar: Hotel Carlos I,
Sanxenxo

Participantes: 6 perso-
as, usuarios do servizo
de residencia do centro
“A Braña”

Programa: desfrutar do
bo tempo, praia pola
mañán e as tardes máis
versátiles con paseos
por O Grove, A Toxa,
visitas ás cafeterías para
tomar xeados e refres-
cos, ou disfrute das pis-
cinas do hotel


Ratio monitor-usuario:
1/1 + coordinadora de
grupo

Co-financiado por:
IMSERO -Ministerio de
Sanidad y Asuntos So-
ciales

Organiza: Confedera-
ción Autismo España

Transporte: IMSERSO





VACACIONS

Colonias de verán

A Braña

A Penagrande

Datas: mes de agosto

Lugar: centro “A Braña”, Berres. A Estrada

Centro A Penagrande, Laxe, Moraña

Programación:

Estancia vacacional

Visitas a:

- Pedras Miúdas (Catoira)
- Mirador dos Muíños (Catoira)
- Ruta do Castro de Doade (Lalín)

Participantes:

20 usuarios/as

Co-financiado por:

Xunta de Galicia (IRPF)

Transporte: APACAF



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL



FORMACIÓN de FORMADORES PROGRAMA de PRÁCTICAS

PROGRAMA DE FORMACIÓN DE FORMADORES:

Accións formativas de carácter externo :

- “Mulleres e TEA”. Abril 2019. Santiago de Compostela. Organizado por Federación Autismo Galicia e impartido por María Merino. Participaron 4 traballadores de APACAF*
- “Metodoloxía Teacch”. Setembro 2019. Santiago de Compostela. Organizado por Federación Autismo Galicia e impartido por Rosa Álvarez. Participaron 4 profesionais de APACAF*
- “Sistema de Xestión de Calidade ISO 9001:2015”. Novembro 2019. Organizada por TUTELA Empresas. Participou 1 profesional de APACAF*
- “Apoio Condutual Positivo” Decembro 2019 . Organizada polo Instituto Superior de Estudios Sociales y Sociosanitarios. Participaron 2 profesionais de APACAF*

Accións formativas de carácter interno:

- “Novo Regulamento Europeo de Protección de datos”. Maio 2019. Organizado e impartido por TUTELA Empresas no centro A Braña. Participou todo o equipo técnico e administrativo de APACAF, 19 traballadores.*
- “Plan de Igualdade de APACAF”. Setembro 2019. Impartido por María José García Márquez. Participou todo o equipo técnico de APACAF*



PROGRAMA DE PRÁCTICAS

Estudiantes que fixeron prácticas en APACAF durante o ano 2019:

- 1 estudante dunha Universidade de Suiza
- 1 alumno dun curso de “Atención socio-sanitaria en domicilio” de FORTEC (Silleda)
- 1 alumna dun curso de “Monitor de tempo libre” de COESCO (A Estrada)





EVENTOS BENÉFICOS VOLUNTARIADO

CONCERTO BENÉFICO

O **CEIP de O Foxo** (A Estrada) organizou un concerto benéfico a favor de APACAF para celebrar o Día da Paz o 30 de xaneiro. Neste concerto colaborou a **Coral Polifónica de Berres** e o cantautor **Manoel de Felisa** de Cuntis. O concerto desenvolveuse no salón de actos do colexio e contou coa presenza de todo o alumnado e profesorado do centro e varios usuarios do centro A Braña de APACAF. No acto de celebración fíxose entrega a APACAF dunha doazón da Coral Polifónica de Berres e da recadación acadada entre as familias do colexio de O Foxo.



VOLUNTARIADO

Durante o ano 2019 APACAF contou coa colaboración de 6 voluntarios que dedicaron parte do seu tempo a colaborar con nós de xeito desinteresado.

Destacamos o desenvolvemento durante todo o ano dun **Programa de Intervención Asistida por Animais** a cargo de **Ana** e **Tania** e as cadelas **Aya** e **Gala**. Nas sesións de intervención desenvolven actividades variadas co obxectivo de promover a mellora nas funcións físicas, sociais, emocionais e cognitivas dos usuarios.

Tamén colaboraron con nós na celebración do Día Mundial do Autismo, realizando unha sesión de terapia aos asistentes ás mesas informativas de A Estrada e Moraña, unha actividade que foi todo un éxito.





GRAZAS A TODOS






INGRESOS





GASTOS



- Personal
- Mantemento
- Alimentación
- Transporte
- Seguros
- Consumos
- Bancos
- Alquiler
- Formación
- Cuotas
- Actividades
- Servizos externos
- Outros



Asemblea Xeral Ordinaria do mes de xuño, 2019



COMUNICACIÓN

**A celebración do Día Mundial do Autismo de APACAF
noticia na TVG e portada no xornal**



Presenza nos medios en 2019

02/04/2019 Noticia na TVG sobre o Centro A Braña de APACAF
<http://www.crtvg.es/informativos/un-de-cada-cen-nenos-nacen-con-autismo-4077504>

02/04/2019 Faro de Vigo Edición Umia-comarcas: *El consistorio de A Estrada se iluminará esta noche de azul en el Día Mundial del Autismo*

03/04/2019 Faro de Vigo Edición Umia-comarcas: *El concello se viste de azul por el Día Mundial del Autismo*

03/04/2019. La Voz de Galicia Deza-Tabeirós: *Apoyos infinitos en A Estrada en el Día Mundial del Autismo*

05/04/2019 Faro de Vigo Edición Umia-comarcas: *Apacaf atiende a 35 personas con autismo en A Braña de Berres y A Penagrande de Moraña*

05/04/2019. La Voz de Galicia Deza-Tabeirós: *Exhibición de terapia con perros y photocall para hablar del autismo*

07/04/2019 Faro de Vigo Edición Umia-comarcas: *Apacaf incorpora a sus centros para autistas terapia con perros*

07/04/2019. La Voz de Galicia Deza-Tabeirós: *A Estrada hace piña por el autismo*

07/04/2019. La Voz de Galicia Deza-Tabeirós: *A Estrada alza la voz para pedir respuesta a los retos del autismo*

Impacto

redes sociais

- 61 publicacións no FaceBook

- 50.000 persoas alcanzadas

Resumo

aparicións nos medios

- 8 aparicións na prensa escrita

- 1 noticia na TVG



FUNDACIÓN TUTELAR FUNDITEA

Memoria de actividades Ano 2019

SERVIZO DE ATENCIÓN DIRECTA NO CENTRO A PENAGRANDE

- **Centro de día**

Durante todo o ano desenvolveuse o programa de centro de día e de rehabilitación psicosocial 5 días á semana, de luns a venres. As actividades que se desenvolveron foron:

- Autonomía persoal: talleres de formación, logopedia, ioga, informática, expresión artística
- Saúde e benestar: pscomotricidade, relaxación, sendeirismo
- Integración social: saídas pola contorna: cafeterías, compras, etc

- **Estancia vacacional de verán**

Durante o mes de agosto realizáronse estancias con pernocta cunha dobre finalidade: rehabilitación psico-social para os usuarios participantes e un tempo de descanso para as súas familias.



Celebración do Samaín no centro
A Penagrande



Taller de expresión artística no centro
A Penagrande

COFINANCIACIÓN ACADADA

Para estes servizos contamos coa cofinanciación de:


- **DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**

Subvención para o Programa de Centro de día

- **XUNTA DE GALICIA**

Consellería de Economía D. X. de Promoción de Emprego:
Programas de Cooperación. Contrato de 9 meses de 2 educadoras





COLABORADORES

PÚBLICOS



✓ POR SOLIDARIDAD
OTROS FINES DE INTERÉS SOCIAL



PRIVADOS

